

Faro *da* Cultura

Faro da Cultura reanudará a súa publicación o xoves, 10 de setembro. Desexámoslles a todos os nosos seguidores un moi feliz verán!

No imaxinario cultural europeo do século XX, Francia era un elemento nuclear, tanto para o pensamento conservador (Maurras, Céline, Maritain) como para as vangardas e as esquerdas (Camus, Sartre, Picasso, Breton, Gide, Malraux). Pero por riba de sectarismos, emerxía unha manifestación que, desde París, dominou non só Francia, senón o continente enteiro: a *chanson*. Eran aqueles tempos (os da perda de Indochina) cando Francia comezou a quedar reducida á estrita metrópole, circunstancia que reforzou a identidade nacional e popular: baguette, viño tinto, o Tour, o fútbol dos Kopa e Fontaine, os cigarros *Gauloises*, o PCF como partido da maioría obreira e intelectual e a *chanson*.

Pero ese mundo comezou o seu particular declive despois da independencia de Alxeria, sinalaba recentemente Joan de Segarra a propósito da visita de Filipe VI a París. Segundo este lúcido xornalista catalán –bo coñecedor de Francia– foi daquela –coa puntilla dos feitos de 1968– cando o país veciño perdeu definitivamente a súa proxección mundial e, tal vez o que é peor de cara á súa identidade colectiva, unha minguada da unicidade que París impuxera desde Henrique IV: as rexións comezaron a coller identidade e a defender cadansúa lingua e as empresas bandeira deixaron a súa francidade a prol da multinacionalidade.



Pero por riba de todo iso, a música popular urbana (parisiense) en francés seguían a unificar uns devezos e unha lingua que aínda era sentida como común grazas á radio e aos cabarés e music-hall despois da segunda guerra mundial, cando a recuperación da condición nacional común era un dos obxectivos. E para iso, a *chanson* resultou balsámica.

Sen esquecer o singular caso de Charles Aznavour –digno dun pacto co demo–, coa morte hai unhas se-

Aquela *Chanson*

No adeus a Patachou

JOAQUIM VENTURA



París a fins dos anos 50 (foto pequena). Henriette Ragon, “Patachou” (1918-2015).

manas de Henriette Ragon “Patachou” –outra lonxeza– pecha definitivamente o mundo vivo daquela canción.

A Patachou foi o que poderíamos considerar unha parisiense enxebre. Non ía para o mundo da farándula xa que despois de ser obreira, vender verduras, pasteleira e na editorial musical de Charles Trenet, montou un restaurante co seu marido e esa pensou que era a súa vocación. Pero aquel local, que ela chamou *Le Patachou* (por “pâte au chou”, os *petisús* que se adoita a dicir en Vigo e por Galiza adiante) era veciño de diversos cabarés e os artistas destes o frecuentaban. E se arrancaban con algunha canción, Henriette acompañaba o ritmo golpeando un vaso na mesa de quenda.

Por seguir a vontade dos seareiros, Henriette comezou a cantar e así non cumpría contratar artistas. E entre as brincadeiras, a de cortar a garvata aos clientes, quedando o anaco pendurado do teito. Un daqueles clientes foi Maurice Chevalier e foi capaz de convencela para que cantase en público pero nun escenario, o do propio restaurante, transformado en cabaré. E ben axiña (1951) precede nunha actuación a Henry Salvador, un histórico polivalente da música francesa (canción, jazz, pioneiro do rock, bossa nova). E de aí, ás principais salas de París (Bobino, Jacques Canetti, Les Trois Baudets), Londres ou Nova York.

*Os norteamericanos
alcumárona como
“Sunshine girl”*

No seu local actuaron artistas principiantes, despois consagrados, como Jacques Brel, Aznavour, Georges Brassens ou Frida Boccara, entre outros. Despois de actuar, facer cine e vivir durante vinte anos nos Estados Unidos (onde foi alcumada de “Sunshine girl”, raio de sol), vendeu *Le Patachou* pero pasou a directora artística dun cabaré na torre Eiffel e acadou ofrecer sesenta recitais no Théâtre des Variétés.

Cabería dicir que a súa vida –ordenada dentro do que cabe– estaría no lado oposto da da raíña da *chanson*, Edith Piaf, pero deixounos algunhas cancións inesquecibles, como “Pigalle”, “Mon homme” ou “Domino”.